


CONVOCATORIA E CALENDARIO DE ELECCIÓN

Niveis educativos: EI. ; EP.; ESO

O Titular do Centro, de conformidade co disposto na lexislación vixente e no procedemento electoral adoptado polo mesmo, acordou convocar eleccións de representantes de pais, profesores, alumnos e persoal de administración e de servizos no Consello Escolar do Centro correspondente ás ensinanzas de EI., EP. e ESO co obxecto de proceder á renovación parcial do Consello Escolar, co seguinte:

CALENDARIO ELECTORAL

Data	XESTIÓN
31/10/2016	Publicación das medidas de procedemento para a elección de representantes dos distintos sectores no Consello Escolar, e da presente convocatoria de eleccións e calendario.
3/11/2016	Sorteo público, promovido polo Director/a, para a designación de representantes de pais, profesores, alumnos e persoal de administración e servizos na Xunta Electoral.
08/11/2016	Reunión constitutiva da Xunta Electoral. Hora: 17,30 h
09/11/2016	Publicación dos Censos Electorais. Envío ós pais do calendario e publicación na web. Ábrese o prazo de presentación de candidaturas a representantes no Consello Escolar.
21/11/2016	Último día para a presentación de candidaturas. O prazo remata ás 14 h.
23/11/2016	Reunión da Xunta Electoral para a proclamación de candidaturas. Hora: 17,30 h
23/11/2016	Sorteo para a determinación de vocais e suplentes da Mesa Electoral de pais de alumnos e da Mesa Electoral de alumnos, así como aprobación dos modelos de papeletas.
24/11/2016	Publicación das candidaturas admitidas
28/11/2016	Eleccións a representantes dos alumnos Hora: Desde as 8,30 ata as 12
28/11/2016	Eleccións a representantes dos profesores Hora: Desde as 11 ata as 12 h.
28/11/2016	Eleccións a representantes dos pais Hora: Desde las 15,20 h hasta las 18 h.
30/11/2016	Reunión da Xunta Electoral para a proclamación de candidatos electos. Hora: 17,30 h.



ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR

Estimados pais:

O vindeiro día 28 de novembro celebraranse eleccións para elixir representantes ao Consello Escolar no noso colexio. Calquera pai de alumno de Educación Infantil, Educación Primaria ou ESO pode presentarse as citadas eleccións para representar aos pais no Consello Escolar. Así mesmo tamén o poden facer os alumnos de 1º a 4º da ESO como representantes dos alumnos.

Para poder presentarse rogamos recorten e entreguen, debidamente cuberto, o presente anexo na secretaría do centro dentro do prazo estipulado no calendario electoral.

Para información de todos, están publicados na web do colexio o calendario electoral e o procedemento para a elección dos representantes dos distintos sectores no Consello Escolar.

A Xunta Electoral

D. /Dna. _____

con DNI nº: _____ desexa presenta-la súa candidatura ás eleccións para o Consello Escolar

como representante de: (marca-lo que proceda)

☐ Pais de alumnos

☐ Alumnos

☐ Profesores

En Vigo a 8 de Novembro de 2016